

Montevideo, nadal 21 de 1,966

Sifior Den:
Luis Tobio Fernández
M A D R I D .-

cont 23 xau 67

Ben querido Tobio:

Chega axiña un novo ano.- Renevemos esperanzas e ilusións.-
Cos "tempos sexan chegados".- Eiquí, as eleccións como sempre: un exemplo
de civismo e democracia.- Trunfeou o Partido Celorado por uns 150,000 vo-
tes.- Os brancos xa tiñan tocado fondo e a fondo, nos fondos do país.-
Isto é unha realidade, non un xogo de verbas nin unha alusión ao Fondo
Monetario Internacional, que nos afoga.- Foron anos de vacas gordas pros
gandeiros que se enriqueceron en propercións astronómicas.- O primeiro
de marzal engrará a nos gobernar o xeral Gestido, triunfador sober do
candidato celorado que máis seaba: Jorge Batlle.- Quizdes a súa xuven-
tude e a súa maneira de ser - non é o pai, dende logo - xugaron moite
na súa derrota.- Gestido, como vosté sabe, ten sona de home ben i
honrado.- Fai moita falla que eisi sexa.- Económicamente estamos en
prena bancarreta.- O dólar anda acercándose aos \$ 80.00, e o azúcar,
aínda con \$ 3.00 de subsidio, custa \$ 14.00 o kile.- Os xornacs, subindo,
pere máis a despacio cos artigos de primeira necesidade.- Cos deuses e
axuden e consiga voltar a iste querido Uruguai aos seus días máis es-
plendorosos.- O pobo tenlle confianza e axudará sempre que tamén lle
aprete e cinturón a quenes se enriqueceres casi diríames ilicitamente.-
A nova constitución, ce pobo elixiu i eu non votéi, ten al-
gunhas cousas que poden ser de graves consecuencias, si quen a aplique
e fai con rigurosidade.- Dálle moitos poderes ao Presidente i ese é te-
mible.- Os antecedentes de Gestido fan pensar que non será un presiden-
te dictatorial, pero il pasará e a constitución quedará.- Si o Par-
tido Celorado, como parece, pónse dacrde pra gobernar e facelo ben,
non temos dñdeba de que iremos pra diante.- Ista constitución nas mas
dos brancos, querido Tobio, sería pra tembrar.- Tivemos sorte, dentro
dos males que nos pode traer, cos celorados haixan gañade a maería
nambas cámaras.-

Seupen da morte do seu irmán.- A miña dona i eu sentímo-
moite, pois tivemos oportunidade de convivir ce il e dona unhas heras
de saiz que sempre recordaremos con agarimo.- Acompañámolo na súa
deer.-

Ren máis, moitas felicidades e venturanzas no ano próisi-
mo pra vosté e familiares.- Meus afeutosos saudes pra súa dona e fillos
e unha aperta pra vosté do seu amigo.

Merylan

P. D. Das cousas da celektividade non lle fale porque iste ano foi moi
noxento.- Heube moitas claudicacións nas entidades e nalguns amigos.-
Alí ille a súa concencia.- Tamén, un vai canifiando pelas corredo-
ras limpas apartando a couces as pedras nextas.-

le